

EXTRACTOS DOS ACORDOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19 DE XANEIRO DE 2015.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 55 DE 29 DE DECEMBRO DE 2014, NÚM. 1 DE 7 DE XANEIRO DE 2015 E NÚM. 2 DE 12 DE XANEIRO DE 2015.

Acordouse aprobar as actas núms. 55/2014, 1/2015 e 2/2015 correspondentes ás sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 29 de decembro de 2014, 7 de xaneiro de 2015 e 12 de xaneiro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordose **CONCEDER** licenza de obra para o acondicionamento de local comercial na rúa Pintor Laxeiro, 5-7 baixo, Lalín e aprobar a liquidación practicada pola



Secretaría Xeral

Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 394,25 euros. Consta no expediente o ingreso realizado o día 13/01/2015 na Tesourería municipal polo concepto e importe detallado no parágrafo anterior.

2.2.-Acordouse CONCEDER licenza de obra para o acondicionamento e ampliación dunha edificación destinada a vivenda na rúa Pardo Bazán, nº11, de Lalín e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 13/01/15 en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras por importe de 1.104,24 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.3.- Acordouse CONCEDER licenza de obra para conservación e restauración de cuberta en edificación de uso agrícola no lugar de Igrexa, nº6, parroquia de Madriñán, de Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención municipal de data 14/01/15 por importe de 128,70 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.


3.1.-Acordouse CONCEDER licenza de segregación da parcela con referencia catastral 1386402NH7118N0001SE, sita no lugar de Corrigatos 4, parroquia de Vilanova, Lalín e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 12/01/15 por importe de 120,20 euros en concepto de taxa por licenza de segregación. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADES.

4.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA para o exercicio da actividade consistente en oficinas (servizos de xestión administrativa) na rúa B, nº40, entreplanta, de Lalín.

5.- INFORMES PREVIOS.

5.1.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico de Obras Públicas municipal de data 13 de xaneiro de 2015 en relación á petición formulada pola Consellería de Economía e Industria, en relación ao seu exp. nº IN627A2014/7-0, na que solicita informe ao abeiro do artigo 84 do Real Decreto 1434/2002, de 27 de decembro



Secretaría Xeral

polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, respecto da Addenda de ampliación da rede de gas natural de Lalín (2ª fase de gasificación).

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse adxudicar o contrato de servizos denominado “**ACTIVIDADES DIRIXIDAS RELACIONADAS COAS ARTES MARCIAIS PARA O LALÍN ARENA**” (CSE162014), a **D. LÁZARO GALGUERA GÓMEZ**, polo importe de 18,84€/hora máis a partida de 3,96 € correspondente ao IVE, resultando un total de 22,80 €, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da Mesa de Cotratación dos días 9 e 15 de xaneiro de 2015, e inadmitir a proposición presentada por **SAVA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.**, por non presentar a documentación relativa á solvencia, tras o requirimento da mesma. Todo elo de conformidade coa proposta da mesa de contratación do día 14 de xaneiro.

6.2.- Acordouse adxudicar o contrato de servizos denominado “**ACTIVIDADES DIRIXIDAS RELACIONADAS COAS ARTES MARCIAIS PARA O LALÍN ARENA**” (CSE162014), a **Dª DAYANA PALMERO FERRER**, polo importe de 18,84 €/hora, máis a partida de 3,96 € correspondente ao IVE, resultando un total de 22,80 €, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da Mesa de Cotratación dos días 9 e 15 de xaneiro de 2015.

6.3.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra “**ACONDICIONAMENTO DO EDIFICIO DA ANTIGA BIBLIOTECA MUNICIPAL. LALIN**”, redactado pola empresa **Areán del Deza, S.L.**, e notificar o presente acordo a empresa e o Coordinador de Seguridade e Saúde.

6.4.- Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra “**MEJORA DE LA RED VIARIA EN LAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA VILATUXE E LOSÓN**” redactado pola empresa **FERTAF Obras y Servicios, S.L.** e notificar o presente acordo á empresa e ó Coordinador de Seguridade e Saúde.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse solicitar á Delegación do Goberno en Galicia a renovación da



Secretaría Xeral

autorización da instalación e uso de nove cámaras de videovixilancia fixas nas inmediacións da casa consistorial.

7.2.- Acordouse acollerse á ORDE do 22 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 (DOGA N° 245 DE 23/12/2014), solicitar unha subvención para a adquisición de equipamento para o Lalín Arena e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na mesma.

7.3.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO E VIVENDA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVA A INICIO DE PROCEDIMENTO DE ORDE DE EXECUCIÓN E ADOPCIÓN DE MEDIDAS PROVISIONAIS (exp. 15/01/OE).

Acordouse iniciar expediente de orde de execución por incumprimento do deber de conservación, seguridade, salubridade e ornato público de inmobles do edificio sito na rúa Álvaro Cunqueiro, núm 13-15, e rúa dos Nardos, núm 14, de Lalín, solicitar informe ao Xulgado do Mercantil n. 2 de Pontevedra respecto da titularidade do citado inmovible conforme aos feitos descritos nos antecedentes, conceder aos interesados un prazo de dez días hábiles, durante o que poderán examinar o expediente e alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes na defensa dos seus dereitos, proceder, con carácter de medida provisional, ao cerramento do inmovible, conforme ao sinalado nos fundamentos de dereito, sen prexuízo da posterior resolución do procedemento e liquidación e esixencia do pagamento dos gastos realizados. Tales traballos de cerramento realizaranse, directamente, polo Concello de Lalín, utilizando os seus propios medios, tanto persoais coma materiais e, na súa condición de interesados no procedemento, notificar este acordo ás entidades SAREB, S.A., ALISEDA, S.A. e CANVIVES, S.A.

7.4.- Acordouse contratar coa empresa **Tanemex, S.L.** “Hotel Torre do Deza” a celebración da comida oficial con motivo da XLVIª Feira do Cocido, segundo presuposto remitido con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizo por importe de 9.100,01 € (IVE incluído).

7.5.- Acordouse aprobar as bases do IXº Premio Honorífico á Muller Empresaria “Dª Maruja Gutiérrez” para o ano 2015 e autorizar o gasto por importe de 441,41 €



Secretaría Xeral
correspondente aos galardóns.

7.6.- Acordouse aprobar unha concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 156,50 €.

7.7.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 72,03 €.

7.8.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 17.990,00 € máis a partida de 3.777,90 € correspondente ó IVE, con destino ao Servizo de Mantemento do Campo de Fútbol Manuel Ángel Cortizo e contratar con **D. FÉLIX ADÁN FERNÁNDEZ**, a realización de dito servizo.

7.9.- Acordouse acollerse ás Bases Reguladoras do Plan de conservación e funcionamento de bens e servizos municipais 2015 da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e solicitar a subvención para a contratación de persoas desempregadas non perceptoras de prestacións ou preceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia para a realización dos mencionados servizos.

8.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

8.1.- Acordouse proceder á **devolución e cancelación da fianza** depositada na Tesourería Municipal pola empresa Electricidad Femán, S.L polo importe de 723,14 euros, como garantía para responder do servizo de mantemento do alumado público do Concello de Lalín, LOTE 2, por rutas no rural e nos polígonos industriais.

8.2.- Acordouse proceder á devolución e cancelación dos avais depositados na Tesourería Municipal (operacións núm. 2013-4418 e 2014-9004) pola empresa **Unión Fenosa Distribución**, polos importes de **2.000 euros e 500 euros**, como garantía para responder das obras SGD Avda Monserrat, 46, e RBTS rúa da Habana, en Lalín.

9.- CORRECCIÓN DE ERROS.

9.1.- Dáse conta do erro padecido na Xunta de Goberno Local do día 12 de xaneiro de 2015, no punto 6.3. e acordouse corrixir o mesmo.

9.2.- Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada o día 15 de decembro de 2014



Secretaría Xeral
no punto 11.2. e acordouse corrixir o mesmo.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, para o vado permanente número 700, ubicado na Avda. Do Empalme, nº 52, baixo (Lalín).

=====

L

K

M

N